



Miguel Ángel Delgado González
prensa@xornalgalicia.com

Solicitante:	Miguel Ángel Delgado González
Asunto:	Resolución da Comisión da Transparencia
Expdte	<i>RSCTG 47/2020 (relacionado SAP 012/2020)</i>

ANTECEDENTES

O día 1/10/2020 tivo entrada no correo electrónico desta Secretaría Xeral Técnica, a resolución estimatoria da Comisión da Transparencia de Galicia da reclamación presentada por Miguel Ángel Delgado González, en representación de PLADESEMAPESGA con data 13 de abril de 2020, contra a resolución da Consellería de Sanidade do 7 de abril de 2020, pola que se lle concede acceso á información e documentación pública sobre contratos e convenios, datos, metadatos e custos sobre os números que Sanidade pon a disposición da cidadanía no teléfono 902400116 para a información xeral sobre coronavirus e o 061.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1 A competencia para resolver esta solicitude de acceso á información pública presentada polo interesado, corresponde, conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á persoa titular do órgano de goberno ou executivo da entidade instrumental do sector público que posúa a información.

2 A Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno de Galicia, xunto cos criterios interpretativos do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, recoñecen e garanten o acceso á información, regulado como un dereito de amplo ámbito subxectivo e obxectivo, e establece as obrigas do bo goberno que se deben de cumprir.

3 Una vez analizada a solicitude de acceso á información a que se refire a solicitude, e vista a Resolución da Comisión da Transparencia referida, compre informar o seguinte:

“Empresa: Universal Sport SA (A15556525)

CONTRATOS EMERXENCIA-SERVIZO CALL CENTER	
Nº Expdt	Importe
EE-SER1-20-022	312.095,00 €
EE-SER1-20-030	50.172,00 €
EE-SER1-20-044	65.268,00 €
EE-SER1-20-047	31.080,00 €
EE-SER1-20-052	13.986,00 €
EE-SER1-20-059	39.516,00 €
TOTAL	512.117,00 €



Estes son os importes dos contratos celebrados polo trámite de emerxencia, consonte ao disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público *“el órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente de contratación, podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de créditos suficiente. En caso de que no exista crédito adecuado y suficiente, una vez adoptado el acuerdo, se procederá a su dotación de conformidad con lo establecido en la Ley General Presupuestaria”*

Xúntase como Anexo o detalle de cada un dos contratos indicados na táboa anterior.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo conforme ao disposto nos artigos 6 e seguintes da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa Administrativa, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, reclamación ante o Valedor do Pobo no prazo dun mes; en ambos os dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada
(asinado electronicamente)

